

As claves da CONFIDENCIALIDADE

1

ASPECTOS XURÍDICOS/LEGAIS:

Dereito fundamental á protección da dignidade, intimidade, privacidade e liberdade das persoas en relación coa confidencialidade e o manexo da información e dos datos.



2

ASPECTOS DEONTOLÓXICOS:

Compromiso ético e deber profesional de ofrecer unha atención de excelencia.



3

ASPECTOS ÉTICOS:

Salvagarda dos dereitos humanos e todo o que, desde o ámbito da bioética, atinxe a ofrecer unha atención humanizada baseada nunha relación clínica de confianza.



5

ASPECTOS CLÍNICOS: RECOMENDACIÓNS PARA PRESERVAR A CONFIDENCIALIDADE COMO RESPONSABILIDADE PROFESIONAL



• Dereitos Humanos:

Velar pola protección dos Dereitos Humanos, recoñecendo a dignidade como un valor fundamental.



• Relación clínica:

Establecer unha relación clínica baseada no respecto, na confianza, na autenticidade, na empatía e no segredo profesional.



• Comunicación e información:

Recoñecer o dereito das persoas a seren informadas como titulares da protección dos seus datos de saúde, garantindo a súa privacidade durante todo o proceso asistencial e evitando exposicións indesexadas.



• Historia clínica:

Deben rexistrarse con obxectividade e precisión todos os cuidados e procedementos. O acceso a este rexistro só é lexítimo nos supostos previstos pola Lei, como son unha relación clínica directa ou unha investigación autorizada. Ser enfermeira non lexítima coñecer información de saúde de persoas coas que non se mantén unha relación profesional. Tamén require o uso axeitado das súas claves persoais, sendo necesario renovar periodicamente os contrasinais e pechar as sesións para evitar o acceso de terceiras persoas



• Dispositivos dixitais:

Empregar sempre dispositivos actualizados e certificados (marcado CE e produto sanitario). Conectar só dispositivos autorizados pola organización, polos servizos TIC ou que cumpran medidas de ciberseguridade. Non usar dispositivos persoais: supoñen un alto risco para os datos e a información.

4

CONSECUENCIAS DA SÚA VULNERACIÓN:

XURÍDICAS/DISCIPLINARIAS:

Penas de cárcere, multas, despedimento, inhabilitación profesional, indemnizacións por danos e prexuízos.



DEONTOLÓXICAS:

Apertura de expediente disciplinario, sanción deontolóxica con inhabilitación profesional, dano á imaxe da profesión.



ÉTICAS:

É unha acción maleficiente, inxusta e contraria á autonomía da persoa paciente, que vulnera a súa dignidade, dana a relación clínica e erosiona a confianza na profesión sanitaria.



• Atención telemática:

Garantir unha identificación clara tanto da persoa atendida como da profesional.



• Doazón de órganos:

Preservar a confidencialidade da persoa doante e evitar calquera coacción ou xuízo de valor.



• Investigación:

Obter sempre o consentimento correspondente das persoas participantes. Empregar os datos pseudonimizados ou anonimizados, segundo proceda.



• Estudantes:

Minimizar as molestias nos cuidados e técnicas realizados polo estudiantado, garantindo a confidencialidade dos datos, a intimidade da persoa atendida e o respecto ao segredo profesional.



• Redes sociais:

Só se poderán compartir datos ou imaxes cando teñan un interese clínico ou académico, e sempre co consentimento explícito da persoa atendida.



• Saúde pública:

Respectar a confidencialidade da información na vixilancia epidemiolóxica e na identificación e notificación de enfermidades na comunidade.



Consejo General de Colegios Oficiales
de Enfermería de España

COMISIÓN DEONTOLÓGICA NACIONAL